

PROXECTO DOCUMENTAL INTEGRADO

A Reconquista da cidade de Vigo aos franceses

A guerra de todo un país

Durante as semanas anteriores estivemos a coñecer algúns aspectos sobre a Guerra da Independencia e sobre a Reconquista de Vigo. Teraste dado conta de que o Exército Francés era, naquel intre, o máis poderoso e temible de Europa e do mundo.

Pero... como foi posible que este poderoso exército fora vencido por unha nación cunhas tropas mal entrenadas e cuns mandos incapaces...?

1. Contesta estas preguntas:

1. Na Guerra de Independencia Española emprégase, por primeira vez, unha estratexia que recibe un nome especial. Cal é...?
2. Por que xurden este tipo de grupos que dan nome a esta estratexia?
3. Cal é o xerme destes grupos?
4. Que relación existiu entre os guerrilleiros e as tropas regulares (o exército)?
5. Que papel adoptou o pobo ante esta situación de guerra?
6. Cal era a táctica preferida dos guerrilleiros?
7. Quen foron os principais xefes guerrilleiros en Galicia?

Para contestar estas preguntas, podes empregar o seguinte enlace:

<http://www.fundaciondosdemayo.es/media/docs/Aventura%20de%20la%20H.%20Abril%202008.pdf>

2. As fazañas dos guerrilleiros españois durante a Guerra de Independencia están recollidas en **numerosos testimonios literarios e cinematográficos**. A famosa serie **Curro Jiménez** non recrea máis que a historia dunha desas partidas en loita contra o francés.

Le algúns dos **cómics** que trababan **sobre a Guerra da Independencia e os seus heroes** e que, seguramente, disfrutaron os teus avós durante a súa xuventude:

<http://www.forohistoria.com/tebeos/soldados.pdf>

<http://www.forohistoria.com/tebeos/elcaballerosinnombre1.pdf>

<http://www.forohistoria.com/tebeos/comicsitios.pdf>

<http://www.forohistoria.com/tebeos/batallavitoria.pdf>

<http://www.forohistoria.com/tebeos/guerrilleroespanoles.pdf>

<http://www.forohistoria.com/tebeos/lapartidadelchambergopdf>

3. Tes aprendido moito sobre os guerrilleiros...? Pois, agora, debes demostralo.

Deberás **escribir unha narración na que contes unha acción das guerrillas** (xa sexa real ou ficticia) **contra o Exército Francés durante a Guerra de Independencia**. Lembra que o papel das mulleres tamén foi moi salientable (Agustina de Aragón, a lendaria Aurora da Reconquista de Vigo...).

No seguinte enlace tes un exemplo: se trata dun historiador que, facéndose pasar por Juan de Villavicencio (comandante militar da Praza de Vigo) escribe un diario no que conta o levantamento do Abade do Couto.

http://www.farodevigo.es/secciones/noticia.jsp?pref=2009020900_2_295591_GranVigo-guerra-hacemos-nosotros